

# DECLARACIÓN UNIVERSAL DOS DEREITOS HUMANOS

PARÍS, 10 DE DECEMBRO DE 1948  
(RESOLUCIÓN 217 (III) DA A. X. DAS NACIONS UNIDAS)

CONCELLERÍA  
DE EDUCACIÓN

ALCALDÍA



VIGO

Cúmprese neste 10 de decembro de 2008, o 60 aniversario da proclamación polas Nacións Unidas da Declaración Universal dos Dereitos Humanos. Con gallo desta efemérides, a Concellería de Educación do Concello de Vigo, o Grupo de Educadores pola Paz e Edicións Xerais de Galicia, organizan un acto conmemorativo no que queremos chamar á memoria escolar e cívica sobre este texto transcendental no progreso educativo, social, cultural e económico da Humanidade.

Queríamos que os asistentes ao acto e as escolas viguesas tivesen neste día nas súas mans as palabras de paz, xustiza e liberdade contidas no articulado da Declaración. Por esta razón editamos para esta ocasión o libriño que tes nas túas mans, que a xeito de agasallo cargado de significación, serviranos para lembrar a plena vixencia deste texto internacional. Iniciámolo coas verbas fondas e precisas que Xesús Jares escribú para o libro *Educación e Dereitos Humanos*, con ocasión do 50 aniversario da Declaración Universal no ano 1998. Sirva tamén esta pequena edición como recordo deste pedagogo que adicou a súa vida profesional á consecución dun mundo solidario e en paz e que, hai só unhas semanas, deixou-nos para sempre. Del é a concepción e o programa xeral do acto cívico que hoxe celebramos no Auditorio do Centro Cultural Caixanova.

Dende a Concellería de Educación seguiremos traballando cada día para que o espírito deste Texto estea sempre presente na vida cotián das nosas Escolas e forme parte inseparable da formación integral das nenas e nenos de Vigo.

Vigo, 10 de decembro de 2008

Laura López Atrio  
Concelleira de Educación  
Concello de Vigo

## EDUCACIÓN E DEREITOS HUMANOS

*«Se alguén me preguntase cales son, segundo o meu parecer,  
os problemas fundamentais da nosa época, non dubidaría en responder:  
os dereitos humanos e o dereito á paz.»*

(Norberto Bobbio, 1997:127)

Cando se cumpren exactamente cincuenta anos [1998] da proclamación da Declaración Universal dos Dereitos Humanos, aprobada pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas preto da media noite do dez de decembro de 1948 no Palacio Chaillot de París, ben merece a pena que redobremos os nosos esforzos de reflexión, acción e divulgación a prol dos dereitos e valores consagrados nela. O acervo cultural, social, económico e político nela contido, é de tal importancia para o progreso da humanización que, aínda admitindo certas críticas que se lle teñen feito e sen ánimo de crear un novo mito ou relixión laica, probablemente esteamos diante da construción socio-cultural máis importante do ser humano, non só do século que finaliza senón de toda a súa historia. Porque, a diferenza dos antecedentes inmediatos e directos da Declaración Universal, as Declaracións de independencia norteamericanas de 1776 e 1789 e a Declaración dos Dereitos do Home e do Cidadán da revolución francesa de 1789 (Capítulo I), a sinatura da Declaración supón un feito absolutamente novidoso na historia da humanidade

por dous motivos esenciais. En primeiro lugar polo seu carácter universal, xa que non se trata duns dereitos para os cidadáns dun determinado país, senón para todo ser humano sen ningún tipo de distinción (neste sentido a Declaración convértenos indirectamente en cidadáns do mundo), e, en segundo, porque se acorda un catálogo de dereitos e valores desde os que se debe rexer a convivencia dentro e entre estados. Catálogo que constitúe, como dicimos, o consenso de valores máis grande endexamais conseguido.

Así mesmo, a asimetría cada vez maior entre os avances tecnolóxicos e os sociais, en detrimento destes últimos, fan aínda máis evidente e necesario entronizar o articulado da Declaración Universal –e os pactos, convenios e declaracións que a desenvolven–, como o reto fundamental co que se atopa a humanidade no futuro inmediato. Para abordalo, xunto coas medidas económicas, sociais e políticas absolutamente necesarias e insubstituíbles, a educación está chamada a xogar novamente un papel fundamental.

## **A educación**

Desde o mesmo momento da aprobación da Declaración Universal xa se produce a resposta educativa. Dunha banda porque o dereito á educación forma parte do propio articulado da Declaración (artigo 26); doutra, porque como se recolle no Preámbulo, a implantación dos dereitos humanos queda ligada á intervención desta: a escola e o profesorado son chamados de novo a exercer o seu papel clave na divulgación e defensa dos dereitos humanos. Ademais destas razóns, a íntima conexión que se establece entre educación e dereitos humanos vén dada porque a educación, no seu sentido máis nobre, ten como misión central a de facer crecer as persoas, expresión que para nós fai mención esencial ao crecemento en dignidade, en liberdade, en dereitos e deberes. Conceptos que, en definitiva, son aos que fai

referencia a Declaración, e aos que se teñen referido diversos textos posteriores tal como relatamos nos Capítulos I e II.

Nesta contribución da educación a prol dos dereitos humanos, observamos dous posicionamentos ben diferenciados que chegan deica os nosos días. Dun lado o daqueles que lle conceden un papel esencial de divulgación e concienciación, pero sabendo que a vixencia dos dereitos humanos se libra noutros espazos sociais; por outro, os que, de forma interesada ou inxenuamente, caen no utopismo da Escola Nova ao concederlle á educación o máximo protagonismo para conseguir esa vixencia (véxase o Capítulo II). A esta cuestión xa nos temos referido noutros lugares (Jares, 1991). En efecto, o papel da educación non pode caer nin no utopismo pedagóxico inxenuo de comezos de século, feito desde o convencemento de que a través da educación desaparecerán todos os males do planeta, nin deixarse utilizar polo uso perverso, cada vez máis fecuente na clase política, que intenta trasladar á educación todos aqueles problemas que teñen a súa resolución noutros ámbitos. Aceptar o papel esencial da educación non significa facelo desde un carácter único e/ou definitivo. Como se ten dito, «hai que subliñar que a educación, por si mesma, non é capaz de erradicar as «condicións que perpetúan e agravan os principais problemas que afectan á supervivencia e ao benestar humanos». Hai outros moitos factores involucrados –políticos, económicos, sociais e culturais–, e que a miúdo teñen unha repercusión moito máis directa» (Harris, 1986:10).

Situado nestes termos, o papel da educación debe supoñer un proxecto pedagóxico integrado que incite a vivir e a gozar os dereitos humanos, pero tamén a fomentar un estado de opinión que leve a pensar que calquera violación destes en calquera lugar do mundo non nos pode resultar allea e que, por conseguinte, a responsabilidade de evitalo a todas e a todos nos incumbe. En palabras de E. Haro Tecglen (1976), «a pretensión debe ser que vostedes, nós, todos, cheguemos a ter clara conciencia dos dereitos adquiridos; cheguemos a un estado inteltec-

tual de tal superación que, cando un só dos dereitos humanos sexa conculcado, en nós mesmos ou nos demais, sintamos a necesidade imperiosa de solidarizarnos coma se se tratase do perigo máis decisivo para a supervivencia da especie humana; coma se nos faltase o aire, a auga, o sol ou ese motivo esperanzador sen o cal a vida se fai odiosa, humillante e como unha pesada carga».

Xesús Rodríguez Jares  
*Educación e dereitos humanos*  
Xerais, 1998

# DECLARACIÓN UNIVERSAL DOS DEREITOS HUMANOS

PARÍS, 10 DE DECEMBRO DE 1984  
(RESOLUCIÓN 217 (III) DA A. X. DAS NACIONS UNIDAS)

## PREÁMBULO

A liberdade, a xustiza e a paz no mundo teñen por base o recoñecemento da dignidade intrínseca e dos dereitos iguais e inalienables de todos os membros da familia humana.

O descoñecemento e o menosprezo dos dereitos da persoa orixinaron actos de barbarie aldraxantes para a conciencia da humanidade; proclamouse, como a aspiración máis elevada da persoa, o advento dun mundo no que os seres humanos, liberados do temor e da miseria, gocen da liberdade de palabra e da liberdade de crenzas.

É esencial que os dereitos da persoa sexan protexidos por un réxime de dereito, co fin de que a persoa non se vexa compelida ao supremo recurso da rebelión contra a tiranía e a opresión.

É tamén esencial promover o desenvolvemento de relacións amigables entre as nacións.

Os pobos das Nacións Unidas reafirmaron na Carta a súa fe nos dereitos fundamentais da persoa, na dignidade e o valor do ser humano e na igualdade de dereitos de homes e mulleres; declaráronse resoltos a promover o progreso social e a elevar o nivel de vida dentro dun concepto máis amplo da liberdade.

Os estados membros comprometéronse a asegurar, en cooperación coa Organización das Nacións Unidas, o respecto uni-

versal e efectivo aos dereitos e liberdades fundamentais da persoa; e unha concepción común destes dereitos e liberdades é da maior importancia para o pleno cumprimento do devandito compromiso.

A Asemblea Xeral proclama a presente Declaración Universal dos Dereitos da Persoa como ideal común polo que todos os pobos e nacións se deben esforzar, para que tanto os individuos coma as institucións, inspirándose constantemente nela, promovan, mediante o ensino e a educación, o respecto a estes dereitos e liberdades, e aseguren, por medidas progresivas de carácter nacional e internacional, o seu recoñecemento e aplicación universais e efectivos, tanto entre os pobos dos estados membros coma entre os dos territorios colocados baixo a súa xurisdición.

## **Artigo 1**

Todos os seres humanos nacen libres e iguais en dignidade e dereitos e, dotados como están de razón e conciencia, débense comportar fraternalmente uns cos outros.

## **Artigo 2**

Toda persoa ten os dereitos e liberdades proclamados nesta Declaración, sen distinción ningunha de raza, cor, sexo, idioma, relixión, opinión política ou de calquera outra índole, orixe nacional ou social, posición económica, nacemento ou calquera outra condición.

Ademais, non se fará ningunha distinción baseada na condición política, xurídica ou internacional do país ou territorio da xurisdición do cal dependa unha persoa, tanto se se trata dun país independente coma dun territorio baixo administración fiduciaria, non autónomo ou sometido a calquera outra limitación de soberanía.



### **Artigo 3**

Todo individuo ten dereito á vida, á liberdade e á seguridade da súa persoa.

### **Artigo 4**

Ninguén estará sometido á escravitude nin á servidume; a escravitude e a trata de escravos está prohibida en todas as súas maneiras.

### **Artigo 5**

Ninguén será sometido a torturas nin a penas ou tratos crueis, inhumanos e aldraxantes.

### **Artigo 6**

Todo ser humano ten dereito, en todas as partes, ao recoñecemento da súa personalidade xurídica.

### **Artigo 7**

Todos son iguais perante a lei e teñen, sen distinción, dereito á igual protección da lei. Todos teñen dereito á igual protección contra todo acto discriminatorio que infrinxa esta Declaración e contra toda provocación a tal acto.

### **Artigo 8**

Toda persoa ten dereito a un recurso efectivo, perante os tribunais nacionais competentes, que a ampare contra os actos que violen os seus dereitos fundamentais recoñecidos pola constitución ou pola lei.

### **Artigo 9**

Ninguén poderá ser arbitrariamente detido, preso nin deterrado.

## **Artigo 10**

Toda persoa ten dereito, en condicións de plena igualdade, a ser oída publicamente e con xustiza por un tribunal independente e imparcial, para determinar os seus dereitos e obrigas ou para o exame de calquera acusación contra ela en materia penal.

## **Artigo 11**

1. Toda persoa acusada de delito ten o dereito a que se presuma a súa inocencia mentres non se probe a súa culpabilidade, conforme á lei e en xuízo público no que se lle asegurasen todas as garantías precisas para a súa defensa.
2. Ninguén será condenado por actos ou omisións que no momento de se cometer non fosen delitivos segundo o dereito nacional ou internacional. Tampouco se imporá pena máis grave que a aplicable no momento de cometer o delito.

## **Artigo 12**

Ninguén será obxecto de inxerencias arbitrarias na súa vida privada, a súa familia, o seu domicilio ou a súa correspondencia, nin de ataques á súa honra ou á súa reputación. Toda persoa ten dereito á protección da lei contra estas inxerencias ou ataques.

## **Artigo 13**

1. Toda persoa ten dereito a circular libremente e a elixir a súa residencia no territorio dun estado.
2. Toda persoa ten dereito a saír de calquera país, incluso do propio, e a volver ao seu país.

## **Artigo 14**

1. En caso de persecución, toda persoa ten dereito a buscar asilo, e a gozar del, en calquera país.

2. Este dereito non poderá ser invocado contra unha acción xudicial realmente orixinada por delitos comúns ou por actos opostos aos propósitos e principios das Nacións Unidas.

### **Artigo 15**

1. Toda persoa ten dereito a unha nacionalidade.
2. Ninguén será privado arbitrariamente da súa nacionalidade nin do dereito a cambiar de nacionalidade.

### **Artigo 16**

1. Os homes e as mulleres, a partir da idade núbil, teñen dereito, sen ningunha restrición por motivos de raza, nacionalidade ou relixión, a casar e fundar unha familia; gozarán de iguais dereitos en canto ao matrimonio, durante o matrimonio e no caso de disolución do matrimonio.
2. Só mediante libre e pleno consentimento dos futuros cónxuxes se poderá contraer o matrimonio.
3. A familia é o elemento natural e fundamental da sociedade e ten dereito á protección da sociedade e do estado.

### **Artigo 17**

1. Toda persoa ten dereito á propiedade, individual e colectivamente.
2. Ninguén será privado arbitrariamente da súa propiedade.

### **Artigo 18**

Toda persoa ten dereito á liberdade de pensamento, de conciencia e de relixión; este dereito inclúe a liberdade de cambiar de relixión ou de crenza, así como a liberdade de manifestar a súa relixión ou a súa crenza, individual e colectivamente, tanto en público coma en privado, polo ensino, a práctica, o culto e a observancia.

## **Artigo 19**

Todo individuo ten dereito á liberdade de opinión e de expresión; este dereito inclúe o de non ser molestado por mor das súas opinións, o de investigar e recibir informacións e opinións e o de difundilas, sen limitación de fronteiras, por calquera medio de expresión.

## **Artigo 20**

1. Toda persoa ten dereito á liberdade de reunión e de asociación pacíficas.
2. Ninguén poderá ser obrigado a pertencer a unha asociación.

## **Artigo 21**

1. Toda persoa ten dereito a participar no goberno do seu país, directamente ou por medio de representantes libremente escollidos.
2. Toda persoa ten o dereito de acceso, en condicións de igualdade, ás funcións públicas do seu país.
3. A vontade do pobo é a base da autoridade do poder público; esta vontade exprésase mediante eleccións auténticas que se haberán de celebrar periodicamente, por sufraxio universal e igual e por voto secreto ou outro procedemento equivalente que garanta a liberdade do voto.

## **Artigo 22**

Toda persoa, como membro da sociedade, ten dereito á seguridade social e a obter, mediante o esforzo nacional e a cooperación internacional, habida conta da organización e os recursos de cada estado, a satisfacción dos dereitos económicos, sociais e culturais indispensables á súa dignidade e ao libre desenvolvemento da súa personalidade.

### **Artigo 23**

1. Toda persoa ten dereito ao traballo, á libre elección do seu traballo, a condicións equitativas e satisfactorias de traballo e á protección contra o desemprego.
2. Toda persoa ten dereito, sen ningunha discriminación, a igual salario por igual traballo.
3. Toda persoa que traballa ten dereito a unha remuneración equitativa e satisfactoria, que lle asegure, así como á súa familia, unha existencia conforme á dignidade humana e que será completada, en caso necesario, por calquera outro medio de protección social.
4. Toda persoa ten dereito a fundar sindicatos e a sindicarse para a defensa dos seus intereses.

### **Artigo 24**

Toda persoa ten dereito ao descanso, ao gozo do tempo libre, a unha limitación razoable da duración do traballo e a vacacións periódicas pagas.

### **Artigo 25**

1. Toda persoa ten dereito a un nivel de vida axeitado que lle asegure, así coma á súa familia, a saúde e o benestar, e en especial a alimentación, o vestido, a vivenda, a asistencia médica e os servizos sociais precisos; ten tamén dereito aos seguros en caso de desemprego, enfermidade, invalidez, viuvez e vellez ou outros casos de perda dos seus medios de subsistencia por circunstancias independentes da súa vontade.
2. A maternidade e a infancia teñen dereito a coidados e asistencia especiais. Todos os nenos e nenas, nados de matrimonio ou fóra do matrimonio, teñen dereito á mesma protección social.

## **Artigo 26**

1. Toda persoa ten dereito á educación. A educación debe ser de balde, polo menos no que atinxe á instrución elemental e fundamental. A instrución elemental será obrigatoria. A instrución técnica e profesional haberá de ser xeneralizada; o acceso aos estudos superiores será igual para todos, en función dos méritos respectivos.
2. A educación terá como obxectivo o pleno desenvolvemento da personalidade humana e o fortalecemento do respecto aos dereitos da persoa e ás liberdades fundamentais; favorecerá a comprensión, a tolerancia e a amizade entre as nacións e todos os grupos étnicos ou relixiosos; promoverá o desenvolvemento das actividades das Nacións Unidas para o mantemento da paz.
3. Os pais teñen dereito preferente a escoller o tipo de educación que se lles haberá de dar aos seus fillos.

## **Artigo 27**

1. Toda persoa ten dereito a tomar parte libremente na vida cultural da comunidade, a gozar das artes e a participar no progreso científico e nos beneficios que del resulten.
2. Toda persoa ten dereito á protección dos intereses morais e materiais que lle correspondan por razón das producións científicas, literarias ou artísticas das que sexa autora.

## **Artigo 28**

Toda persoa ten dereito a que se estableza unha orde social e internacional na que os dereitos e liberdades proclamados nesta Decalación se fagan plenamente efectivos.

## **Artigo 29**

1. Toda persoa ten deberes respecto á comunidade, xa que só nela pode desenvolver libre e plenamente a súa personalidade.
2. No exercicio dos seus dereitos e no gozo das súas liberdades, toda persoa estará soamente suxeita ás limitacións establecidas pola lei co único fin de asegurar o recoñecemento e o respecto dos dereitos e liberdades dos demais, e de satisfacer as xustas esixencias da moral, da orde pública e do benestar xeral nunha sociedade democrática.
3. Estes dereitos e liberdades non poderán ser, en ningún caso, exercidos en oposición aos propósitos e principios das Nacións Unidas.

## **Artigo 30**

Nada na presente Declaración poderá ser interpretado no sentido de que confire algún dereito ao estado, a un grupo ou a unha persoa, para emprender e desenvolver actividades ou realizar actos tendentes á supresión de calquera dos dereitos e liberdades proclamados nesta Declaración.

